# XV PROGRAMA DE APOIO A Empresas Agroalimentarias

Tecendo o futuro da Galicia Rural

## Bases do programa

Fundación
Juana de Vega

O **XV PROGRAMA DE APOIO A EMPRESAS AGROALIMENTARIAS DA FUNDACIÓN JUANA DE VEGA** é un programa de formación e mentorización orientado a acompañar o deseño, desenvolvemento e posta en marcha de iniciativas empresariais innovadoras, así como a mellora e consolidación de proxectos xa existentes.

O programa diríxese a iniciativas dos sectores **agroalimentario, forestal, pesqueiro e marisqueiro**, así como doutros ámbitos da **bioeconomía**, incluíndo proxectos de base tecnolóxica e servizos vinculados a estes sectores. Terán especial cabida aquelas propostas que contribúan ao **desenvolvemento do medio rural galego** e á **posta en valor e aproveitamento de activos rurais actualmente improdutivos ou infrautilizados**.

## 1. OBXECTIVO XERAL

O **XV PROGRAMA DE APOIO A EMPRESAS AGROALIMENTARIAS** ten dúas modalidades diferentes, cos obxectivos indicados para cada unha delas:

### EMPRENDEMENTO (CREACIÓN DE NOVAS EMPRESAS, MODELOS DE NEGOCIO E PROPOSTAS DE VALOR)

Acompañar ás persoas emprendedoras no desenvolvemento e validación das súas ideas de negocio, transformándoas en proxectos empresariais viables, innovadores e competitivos, e apoiando a súa posta en marcha co obxectivo de reducir riscos e incrementar as posibilidades de éxito.

### CRECEMENTO E CONSOLIDACIÓN (DESENVOLVEMENTO DE EMPRESAS EXISTENTES)

Apoiar ás empresas xa en funcionamento —persoas autónomas, microempresas e pemes— no desenvolvemento, fortalecemento e consolidación dos seus proxectos empresariais, mediante un acompañamento personalizado que facilite a toma de decisións e a mellora das áreas do negocio que o precisen.

## 2. DESTINATARIOS

Poderán participar en calquera das modalidades do **XV PROGRAMA DE APOIO A EMPRESAS AGROALIMENTARIAS**, tanto as empresas xa existentes como as novas iniciativas empresariais nos campos agroalimentario, forestal, marisqueiro e pesqueiro ou outros sectores da bioeconomía, así como proxectos de base tecnolóxica e servizos relacionados cos anteriores, que se desenvolven no ámbito xeográfico da Comunidade Autónoma de Galicia.

### Modalidade Emprendemento

Poden participar no Programa de Emprendemento aquelas persoas que queiran crear novas empresas ou poñer en marcha iniciativas empresariais:

- Empresas en proceso de deseño da idea e de definición do modelo de negocio.
- Empresas de recente creación (máximo 2 anos) ou en fase de lanzamento.
- Sucesións e recuperación de empresas e explotacións familiares.
- Proxectos de posta en valor de activos rurais improdutivos.

Os candidatos deben ser maiores de idade, residentes en Galicia, cun bo nivel de manexo do paquete Microsoft Office ou similar, buscadores de internet, algo de coñecemento do sector e, sobre todo, cunha alta implicación no seu proxecto.

### Modalidade Crecemento e Consolidación

Poderán participar na modalidade de Crecemento e Consolidación aquelas persoas autónomas e empresas que, con independencia do seu tamaño, estean en funcionamento e precisen:

- Realizar unha revisión estratéxica do seu negocio.
- Realizar unha investigación de mercado.
- Poñer no mercado novos produtos ou servizos innovadores.
- Xerar novas propostas de valor.

- Dirixirse a novos mercados.
- Crear un plan de márketing ou un plan comercial.
- Desenvolver unha estratexia online.
- Realizar unha análise de operacións e mapas de valor.
- Revisar os seus plans de financiamento.
- Realizar un estudo económico e/ou mellorar o seu control de xestión.
- Calquera outro aspecto estratéxico da empresa a mellorar.

## 3. CRITERIOS DE SELECCIÓN

En cada unha das modalidades, os proxectos ou persoas emprendedoras seleccionaranse tendo en conta o seu grao de compromiso ou implicación coa iniciativa empresarial.

No programa poderán participar todo tipo de proxectos. Con todo, terán prioridade aquelas iniciativas que busquen ofrecer produtos diferenciados en función da calidade e a innovación, que teñan unha clara orientación ao mercado así como que poñan en valor os recursos do territorio.

**Será un requisito indispensable que os proxectos teñan unha persoa responsable de desenvolvemento dentro da empresa, que será a encargada de participar no programa.**

# 4. ESTRUTURA DO PROGRAMA

O programa consta de catro fases:

- **FASE I: SELECCIÓN DE PROXECTOS**
- **FASE II: DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO**
- **FASE III: POSTA EN MARCHA DO PROXECTO (IMPLANTACIÓN)**
- **FASE IV: PRESENTACIÓN PÚBLICA DE PROXECTOS / DEMO DAY**

## FASE I: SELECCIÓN DE PROXECTOS

Con independencia da modalidade na que se presente cada proxecto, levarase a cabo un proceso de selección seguindo os seguintes criterios:

### Contido

Nesta fase, un máximo de 16 proxectos seleccionados entre todos os inscritos na páxina web do programa, participarán nun Obradoiro de Ideas Empresariais cunha duración de 10 horas. Os obradoiros de selección poderán ter lugar na sede da Fundación Juana de Vega en Oleiros ou noutro lugar que a coordinación do programa designe para facilitar a asistencia dos seleccionados.

### Obxectivos

Durante o obradoiro, as persoas emprendedoras e representantes das empresas (en adiante persoas promotoras), asistidas por consultores especializados, reflexionarán sobre os elementos clave da súa idea empresarial e desenvolverán a estrutura do seu modelo de negocio: proposta de valor, relacións con clientes, canles e estrutura financeira.

### Duración e datas

Os obradoiros de ideas desenvolveranse en dous grupos dun máximo de oito participantes cada un, distribuídos durante o mes de xaneiro de 2027.

### Selección

Ao longo desta fase, un equipo integrado por persoal da Fundación Juana de Vega e consultores especializados analizará e avaliará as candidaturas e o traballo desenvolvido durante o obradoiro. Na avaliación teranse en conta, entre outros aspectos, a situación e as necesidades de cada proxecto, os recursos dispoñibles, a actitude e aptitude da persoa promotora, o seu grao de implicación e compromiso, así como a viabilidade e as posibilidades de desenvolvemento e execución da iniciativa.

Como resultado deste proceso, seleccionaranse un máximo de **seis candidaturas**, considerando conxuntamente as modalidades de Emprendemento e de Crecemento e Consolidación, que accederán ás seguintes fases do programa. Así mesmo, establecerase unha **lista de reserva de ata dúas candidaturas**.

### Entrevista persoal

Como parte do proceso de avaliación e con carácter previo á selección definitiva, a Fundación Juana de Vega poderá convocar a unha entrevista persoal ás persoas promotoras das candidaturas que considere necesario, co obxectivo de ampliar ou aclarar a información dispoñible e valorar a súa adecuación ao programa.

A información obtida nesta entrevista será tida en conta para a selección definitiva das candidaturas que accederán ás seguintes fases do programa.

### Obrigas

As persoas emprendedoras e promotoras seleccionadas nesta fase deberán ter asistido á totalidade dos talleres e aceptar e asinar as presentes bases.

## FASE II: DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

### Modalidade Emprendemento

**Obxectivo**

Esta fase configúrase como un programa formativo co que se pretende axudar ás persoas emprendedoras seleccionadas a perfilar os seus proxectos desde o punto de vista estratéxico, definir o seu perfil competitivo e de posicionamento, determinar as canles de comercialización máis axeitadas e as necesidades financeiras. En definitiva, desenvolver un plan rigoroso que permita a definición estratéxica da empresa ou proxecto, facilitando a súa implantación no mercado coas mellores garantías de éxito posibles.

**Contido**

Nesta fase do programa proporcionarase formación, mentorización e titorización técnica aos proxectos seleccionados para o seu desenvolvemento operativo. Consistirá en sesións de docencia e titorías individuais.

**Estrutura**

Para iso, esta fase estruturarase do seguinte xeito:

- **Sesións docentes (48 horas).** - Terán lugar varios luns, por norma xeral, en horario de 9:30 a 14:30 horas e de 16:00 a 19:00 horas. O seu obxectivo é familiarizar ás persoas emprendedoras cos conceptos básicos de xestión empresarial necesarios para comprender, desenvolver e implementar con éxito os seus proxectos. As sesións poderán ter lugar na sede da Fundación Juana de Vega en Oleiros ou noutro lugar que a coordinación do programa designe para facilitar a asistencia dos seleccionados.
- **Titorías individuais (16 horas por proxecto).** – Cada proxecto disporá de 16 horas de titorización individual, distribuídas en sesións dunha hora de duración, que se desenvolverán preferentemente os xoves e/ou venres en horario de mañá. Estas sesións teñen como obxectivo ofrecer un acompañamento personalizado ás persoas participantes, reforzando o traballo realizado ao longo do programa e apoiando a elaboración, revisión e desenvolvemento do seu plan de negocio. Estas titorías poderán

realizarse de forma presencial ou por videoconferencia, en función das necesidades de cada proxecto e da organización do programa.

- **Avaliación final de proxectos.** - O seu obxectivo é revisar e analizar o traballo realizado polas persoas emprendedoras e dun xeito especial informalas das condicións de viabilidade do seu proxecto.

As sesións docentes e as titorías desta fase terán lugar entre os meses de febreiro e xuño de 2027.

**As áreas de traballo da fase formativa son as seguintes:**

- **Proposta de Valor Intencional:** 7 horas docentes e 2 hora de titoría por proxecto.
- **Contorna e Análise de mercados:** 4 horas docentes e 3 horas de titoría por proxecto.
- **Plan de márketing:**
    - **Marketing Estratéxico:** 7 horas docentes e 2 horas de titoría por proxecto.
    - **Plan de Comunicación e Comercial:** 7 horas docentes e 2 horas de titoría por proxecto.
    - **Definición de Produto e Prezo:** 4 horas docentes e 2 horas de titoría por proxecto.
- **Cadea de valor:** 7 horas docentes e 2 horas de titoría por proxecto.
- **Estudo Económico-Financeiro:** 7 horas docentes e 3 horas de titoría por proxecto.
- **Financiación e innovación agroalimentaria coa Fundación Juana de Vega:** 3 horas docentes.

## Modalidade Crecemento e Consolidación

### Obxectivo

Axudar ás empresas seleccionadas a perfilar os seus proxectos, definindo as súas necesidades estratéxicas e elaborando un plan rigoroso que permita acadar os obxectivos que se propoñen.

### Contido

Consistirá nun programa de mentorización personalizado a través de titorías individualizadas para cada unha das empresas co fin de acadar os obxectivos perseguidos coas maiores garantías de éxito posibles.

Na modalidade de Crecemento e Consolidación poderase traballar sobre:

- Definición e organización estratéxica.
- Análise da contorna e mercados.
- Investigación comercial.
- Xeración de novas propostas de valor.
- Creación plan de márketing.
- Creación plan comercial.
- Creación estratexia online.
- Análise operacións e mapas de valor.
- Plans de financiamento.
- Estudo económico e control de xestión.
- Poderanse formular outros programas en función das necesidades da empresa que deberán ser aprobados pola Fundación.

### Estrutura

Definirase segundo as necesidades de cada proxecto e aplicarase nos seguintes formatos:

- Proxecto pechado:
    - Establecerase un obxectivo concreto.
    - Realizarase unha planificación temporal con titorías quincenais fixas que poden ter carácter presencial, segundo o estime o comité de selección.
    - As persoas mentoras acompañarán á persoa responsable do proxecto durante a duración do mesmo.
- Estudo de mercado:
    - Establecerase un obxectivo concreto.
    - As persoas mentoras formarán ás promotoras nas ferramentas de busca e análise de información.
    - As persoas mentoras guiarán ás promotoras na busca da información precisa para acadar os obxectivos.
- Acompañamento á dirección:
    - Poderán acceder a esta modalidade os proxectos relacionados coas áreas de márketing, estratexia, financeira e de operacións.
    - Ao inicio do programa as persoas promotoras deberán seleccionar en que área precisan a axuda.
    - Excepcionalmente, as persoas promotoras poderán solicitar axuda puntual noutras áreas. Esta axuda deberá de ser solicitada con 15 días de anticipación.
    - Estableceranse obxectivos para un período definido.
    - As persoas mentoras acompañarán á dirección na planificación e execución das actividades durante ese período.

Os proxectos desenvolveranse entre febreiro de 2027 e, como máximo, febreiro de 2028.

## FASE III: POSTA EN MARCHA DO PROXECTO (IMPLANTACIÓN)

### Destinatarios

Participarán nesta fase os proxectos da modalidade de Emprendemento. Excepcionalmente, a Fundación poderá incorporar a esta fase calquera dos proxectos da modalidade de Crecemento e Consolidación.

### Obxectivos

O obxectivo desta fase é o apoio á persoas emprendedora na implantación e saída ao mercado. Para iso, facilitarase asistencia e apoio nas accións que precisen:

- Financiamento.
- Creación de marca e packaging.
- Plan de acción comercial ou de márketing.
- Plan de redes, creación de web ou tenda online.
- Operativa e concreción de tarefas da cadea de valor.
- Adicionalmente, poderá valorarse prestar asistencia e apoio noutras temáticas diferentes que poidan solicitar as persoas emprendedoras.

### Contido

Esta fase consiste en titorías individuais de consultaría e apoio para a implementación do proxecto empresarial. Esta asistencia técnica prestarase de acordo coas necesidades e circunstancias particulares de cada proxecto, incluídas no seu plan de implementación.

### Duración e datas

As titorías ofreceranse, de acordo co plan establecido, ao longo dos meses de setembro de 2027 e febreiro de 2028 e serán de obrigada asistencia cunha periodicidade quincenal.

## FASE IV: PRESENTACIÓN PÚBLICA DE PROXECTOS / DEMO DAY

Trátase dunha xornada na que os emprendedores e promotores que se consideren de ambas modalidades, presentarán e defenderán, publicamente, os seus proxectos ante potenciais investidores, clientes, entidades financeiras e outras organizacións públicas de promoción e apoio económico. Esta fase estruturarase deste xeito:

- **Sesión teórica**: 4 horas docentes.
- **Titorías de preparación das presentacións:** 2 horas de titoría individual por proxecto.
- **Sesión de ensaio:** 1 hora máximo por proxecto.
- **Xornada de presentación pública:** Esta xornada terá lugar durante a fase de posta en marcha do proxecto, no último trimestre do ano.

# 5. PREMIO JUANA DE VEGA AO EMPRENDEMENTO AGROALIMENTARIO

A Fundación Juana de Vega, consciente das dificultades que afrontan as persoas emprendedoras na posta en marcha e consolidación inicial dos seus proxectos empresariais, reforza o seu apoio ao emprendemento a través do **PREMIO AO EMPRENDEMENTO AGROALIMENTARIO**.

O premio consistirá nun **cheque de mentorización por valor de 3.327,50€**, equivalente a **30 horas de asesoramento e acompañamento especializado**, que a persoa ou proxecto gañador poderá utilizar durante un período máximo de **12 meses**.

O acompañamento ou mentorización será realizado por persoas mentoras designadas pola Fundación e estará orientado a apoiar a empresa nas primeiras fases de lanzamento, facilitando a toma de decisións e o desenvolvemento das áreas clave para a súa posta en marcha e consolidación.

- **Candidatos:** Poderán optar ao premio os participantes no XV PAEA na modalidade de Emprendemento.
- **Xurado:** O xurado estará composto por mentores do programa, representantes do equipo da Fundación Juana de Vega ou outros profesionais de recoñecido prestixio que teñan relación co desenvolvemento do sector agroalimentario.
- **O premio entregarase nun acto público que terá lugar a finais de 2027 coincidindo coa presentación pública dos proxectos.**

## 6. CONDICIÓNS XERAIS

I. O número máximo de prazas dispoñibles no programa será de seis en total, considerando conxuntamente as modalidades de Emprendemento e de Crecemento e Consolidación. A distribución das prazas entre ambas as modalidades dependerá das candidaturas presentadas e do resultado do proceso de selección, polo que poderán darse distintas combinacións entre unha e outra modalidade, sen que en ningún caso se poida superar o máximo de seis proxectos participantes no conxunto do programa. Ademais, establecerase unha lista de reserva de ata dúas candidaturas, de acordo co previsto no proceso de selección.

II. O lugar de celebración de todas as fases do programa será a sede da Fundación Juana de Vega (Avenida Salvador Allende, 92, 15176, San Pedro de Nós, Oleiros, A Coruña). En algún caso poderá designarse outro espazo/lugar para o desenvolvemento do mesmo, e que será comunicado con suficiente antelación. Facilitarase as titorías e mentorías individuais de xeito telemático para reducir a mobilidade xeográfica dos participantes.

III. As persoas participantes deberán comprometerse a asistir ás sesións e titorías nas datas, horarios e lugares establecidos no programa e seguir as instrucións e tarefas que lles encomenden os titores e o persoal responsable do programa por parte da Fundación Juana de Vega.

IV. As persoas participantes nas fases II, III e IV do programa autorizan expresamente á Fundación Juana de Vega a publicar na páxina web promocional do Programa de Apoio a Empresas Agroalimentarias, un breve resumo do proxecto presentado, así como datos de contacto e, se é o caso, a ligazón ao sitio web que poden desenvolver para a súa empresa. Esta información tamén se pode difundir en cursos, seminarios ou outros eventos informativos das actividades da Fundación.

V. A Fundación Juana de Vega resérvase o dereito a excluír do programa a aquelas persoas participantes que non cumpran as condicións establecidas nestas normas e/ou que, a xuízo dos titores responsables, non mostren o interese, dilixencia e dedicación necesarios para o aproveitamento das actividades previstas.

VI. A Fundación Juana de Vega resérvase o dereito a modificar os calendarios e horarios establecidos nestas bases para as necesidades operativas do programa e/ou por calquera outra causa.

VII. A Fundación Juana de Vega proporcionará a cada participante unha guía informándoos do calendario de actividades das distintas fases e outros detalles de interese.

VIII. En ningún caso, a Fundación Juana de Vega será responsable do resultado ou boa finalidade económica dos proxectos e/ou empresas resultantes do programa.

IX. A participación na fase II do Programa de Apoio a Empresas Agroalimentarias, tanto na modalidade de Emprendemento como na de Crecemento e Consolidación, ten un custo de 100,00 euros por proxecto como **compromiso** de participar no programa. A primeira fase do programa é de balde para os participantes.

X. Os participantes no programa deberán ler, aceptar e asinar este documento, así como pagar a cota establecida como requisito previo para a súa participación nel.

XI. Estas normas só se aplicarán ao XV Programa de Apoio a Empresas Agroalimentarias da Fundación Juana de Vega. En ningún caso serán de aplicación a outras edicións deste programa ou a outros análogos que a Fundación Juana de Vega poida levar a cabo.

XII. En ningún caso a Fundación Juana de Vega proporcionará axuda económica ou financeira aos proxectos que participan no Programa de Apoio a Empresas Agroalimentarias. Sen prexuízo do anterior, os proxectos que cumpran os requisitos establecidos poderán optar ao Premio ao Emprendemento Agroalimentario, nos termos e condicións previstos nas presentes bases. Este premio consistirá nun cheque de mentorización destinado á prestación de servizos de asesoramento e acompañamento especializado e non suporá unha entrega directa de fondos á persoa ou empresa galardoada.

# 7. FORMA E PRAZO DE INSCRICIÓN DE PROXECTOS

Os emprendedores e empresarios interesados en participar no programa poden inscribirse completando o formulario dispoñible no seguinte enderezo web:

https://programadeapoyo.juanadevega.org/

O prazo de inscrición está aberto ata o **8 de decembro de 2026**. A Fundación poderá estender esta data, se así o considera oportuno.

Avenida Salvador Allende, 92, 15176 San Pedro de Nós, Oleiros – A Coruña
**981 654 637** · **info@juanadevega.org**